

**JUAN MARQUINA FUENTES, SECRETARIO DO INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE (INORDE), CERTIFICO:**

Que o Consello Reitor deste organismo autónomo, na súa sesión celebrada na data 11.05.2021, adoptou, co voto a favor de todos os asistentes, o acordo que se transcribe:

**2º. Aprobado o Convenio de colaboración entre o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico e os concellos da Rúa, A Veiga, Carballeda de Valdeorras, Larouco, O Barco de Valdeorras, O Bolo, Petín, Rubiá, Vilamartín de Valdeorras, A Pobra de Trives, Chandrexa de Queixa, e Manzaneda para a realización de actividades de promoción turística do Xeodestino nº 12 Manzaneda-Trevinca, de conformidade co clausulado seguinte:**

***Primeira.- Obxecto do convenio.***

*Constitúe o obxecto do presente convenio a regulación da cooperación entre o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico e os concellos da Rúa, A Veiga, Carballeda de Valdeorras, Larouco, O Barco de Valdeorras, O Bolo, Petín, Rubiá, Vilamartín de Valdeorras, A Pobra de Trives, Chandrexa de Queixa, e Manzaneda para a realización de actividades de promoción turística que se vaian concretando e aprobando nos plans de accións anuais..*

*As accións para o ano 2021 van incluídas no anexo I.*

***Segunda.- Atribución ao Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico das funcións de ente xestor do Xeodestino***

*1. Mediante o presente convenio, as administracións públicas que o subscriben acordan atribuír ao Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico e Social (INORDE) a condición de ente xestor do Xeodestino nº 12 Manzaneda-Trevinca. Para tal efecto, délegase no INORDE o exercicio das competencias necesarias para a total execución das actuacións que anualmente se aproben*

*2. En virtude desta delegación, corresponderá ao INORDE realizar as seguintes actuacións:*

*a) Poñer en marcha a Oficina Técnica de Xestión do Xeodestino, determinando o equipo de xestión, e realizando as accións necesarias para o seu correcto funcionamento. A Oficina Técnica de Xestión deberá ter unha persoa responsable, coa que se entenderán todas as accións de interlocución ordinaria do INORDE coas administracións parte do convenio.*

*b) Elaborar un programa plurianual, de carácter orientativo, no prazo máximo de dous meses dende a subscripción do convenio, para súa aprobación pola Comisión de Seguimento.*

*c) Elaborar un plan anual de traballo para a execución, en cada exercicio, das accións de promoción turísticas, para a súa aprobación pola Comisión de Seguimento.*

*Os plans anuais deberá someterse á aprobación da Comisión de Seguimento no primeir trimestre de cada ano natural.*

*O plan anual do primeiro exercicio poderá aprobarse conxuntamente co programa plurianual previsto no apartado b).*

*Os plans anuais concretarán as diferentes accións previstas, organizándoas en plans de acción, e deberán conter un cronograma da súa elaboración e aprobación, a súa descrición e o seu orzamento detallado de gastos e ingresos. Non obstante, no caso das accións nas que non sexa posible a súa definición orzamentaria no plan anual, este poderá remitir a concreción do seu importe detallado a un acto ulterior de aprobación do correspondente plan de acción pola Comisión de Seguimento.*

*d) Executar os plans de acción unha vez aprobados pola Comisión de Seguimento*

*h) Dar conta á Comisión de Seguimento dos plans de acción executados.*



i) Informar á Comisión de Seguimento ou a calquera dos seus integrantes do estado de execución dos plans de acción, de xeito periódico e igualmente cando sexa solicitado pola Comisión ou por calquera dos seus membros.

k) Elaborar a liquidación anual dos gastos de execución dos plans anuais, para a súa aprobación pola Comisión de Seguimento.

3. Para a realización das súas funcións como ente xestor do Xeodestino, o INORDE queda facultado para realizar as seguintes accións:

a) Xestionar integramente, ante as administracións públicas que non son parte no convenio, ante os órganos da Unión Europea e ante calquera organismo ou institución pública ou privada, a captación de fondos, axudas ou subvencións para a execución dos plans anuais.

b) Establecer taxas ou prezos públicos polos servizos prestados en execución dos plans anuais. Os ingresos percibidos neste concepto destinaranse integramente ao financiamento da execución dos plans, reducindo, de se-lo caso, as achegas das administracións integradas no convenio.

c) Ditar os actos administrativos que sexan necesarios para a execución dos plans anuais, incluíndo a adxudicación de contratos administrativos ou privados, a selección e contratación de persoal, a subscripción de convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas, a concesión de subvencións, a elaboración e aprobación de ordenanzas e regulamentos, a expropiación forzosa de bens e dereitos, o exercicio de accións administrativas e xudiciais, e calquera outra actuación administrativa que resulte precisa, incluíndo a resolución dos recursos que se interpoñan por terceiros respecto deses actos.

4. O INORDE exercerá as funcións encomendadas respectando, en todo momento, o seu réxime específico de organización e funcionamento, e con suxeición ao réxime de tutela por parte da Deputación establecido nos seus estatutos.

### **Terceira.- Réxime económico da execución do Plan Director.**

1. A execución dos plans anuais financiarase coas seguintes achegas:

a) Os fondos iniciais aportados pola Axencia de Turismo de Galicia, o INORDE e os concellos que integran o xeodestino, conforme ao sinalado no apartado 2 desta cláusula.

b) Os fondos complementarios que poidan obterse doutras administracións, da Unión Europea e de axentes privados, por calquera título admisible en Dereito.

c) As taxas e prezos públicos que poidan establecerse polos servizos prestados en execución do Plan.

2. As dotación financeira do INORDE e os concellos será aprobada co plan de acción de cada anualidade. Para todos os efectos do presente convenio, a distribución dos compromisos económicos dos concellos integrantes do Xeodestino efectuarase conforme ao seguinte reparto:

A Pobra de Trives	7,22 %
A Rúa	12,52 %
A Veiga	6,81 %
Carballeda de Valdeorras	7,67 %
Chandrexa de Queixa	4,05 %
Larouco	1,92 %
Manzaneda	4,32 %
O Barco de Valdeorras	36,83 %
O Bolo	4,09 %
Petín	3,08 %
Rubíá	5,45 %
Vilamartín de Valdeorras	6,04 %

Para estes efectos, a subscripción do presente convenio equivale á adquisición do correspondente compromiso de gasto para o exercicio polos importes aprobados no orzamento que acompañe a cada plan de acción anual, que deberán facerse efectivos ao INORDE no prazo máximo de quince



días naturais dende que o INORDE formule o correspondente requirimento aos concellos, unha vez concedida a subvención pola Axencia Turismo de Galicia

3. Non obstante o anterior, os compromisos iniciais de gasto de cada exercicio poderán modificarse mediante acordo da Comisión de Seguimento. Os acordos adoptados nesta materia pola Comisión de Seguimento serán vinculantes para tódalas administracións integradas no convenio e terán carácter executivo. En consecuencia, a adopción destes acordos implicará o recoñecemento dun dereito de crédito a favor do INORDE para a percepción das achegas correspondentes nos termos e condicións que sinalen estes acordos.

4. As achegas previstas neste convenio non teñen o carácter de subvencións, ao abeiro do establecido no artigo 2.2.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ao tratarse de achegas en diñeiro entre administracións públicas destinadas a financiar unha parte da actividade do INORDE – a execución dos plans anuais, por conta do conxunto de administracións adheridas ao convenio – con carácter indiferenciado.

5. En caso de falla de pago das achegas nos prazos establecidos, o INORDE poderá exercer as accións administrativas e xudiciais precisas para o seu cobro, incluíndo a compensación de créditos. Igualmente, poderá ceder á Deputación Provincial ou a terceiros os correspondentes dereitos de crédito.

Os custes derivados dos procedementos de exercicio das accións para o cobro dos créditos polas achegas serán liquidados polo INORDE ás entidades morosas, en concepto de danos e prexuízos.

6. Anualmente, o INORDE efectuará unha liquidación, que se someterá á aprobación da Comisión de Seguimento no primeiro trimestre do exercicio natural seguinte ao exercicio liquidado. Na liquidación, a Comisión de Seguimento poderá determinar a incorporación ao exercicio seguinte dos remanentes non utilizados, ou a súa compensación coas achegas aprobadas para o exercicio seguinte.

7. O final da vixencia e das prórrogas do presente convenio, no primeiro trimestre do exercicio natural seguinte ao de remate da execución do último plan anual o INORDE formulará a liquidación definitiva, para a súa aprobación pola Comisión de Seguimento. No acordo de aprobación da liquidación definitiva, que implicará a total extinción do presente convenio, determinarase os destino dos remanentes, en caso de existir, ou a necesidade das achegas complementarias precisas, en caso de que a liquidación determine a existencia dun déficit.

A liquidación realizarase de conformidade co principio de proporcionalidade coas achegas realizadas e tendo en conta o principio de prohibición do enriquecemento inxusto.

8. Tanto nas liquidacións anuais como nas liquidacións finais, poderán incluírse, en concepto de indemnizacións, os gastos adicionais producidos polo incumprimento por parte dalgunha das administracións integrantes do convenio das súas obrigas derivadas deste.

#### **Cuarta.- Comisión de Seguimento.**

1. Establécese unha Comisión de Seguimento do presente convenio, coas funcións seguintes:

- a) A adopción dos acordos de aprobación do programa plurianual, dos plans anuais de traballo necesarios para a promoción turística do Xeodestino.
- b) A aprobación das liquidacións anuais e finais do convenio.
- c) A aprobación dos acordos de resolución anticipada do convenio.
- d) O seguimento e control da execución e interpretación do convenio.
- e) Autorizar a prórroga do convenio.

2. A Comisión de Seguimento estará integrada polas seguintes persoas:

Presidente: o presidente do INORDE.

Vogais:

Os alcaldes dos concellos adheridos ao convenio

Secretario: o secretario xeral do INORDE, con voz pero sen voto.

Asistirán ás reunións da Comisión a xerente e a interventora do INORDE, e a persoa responsable da Oficina Técnica de Xestión do Plan, con voz pero sen voto. A Presidencia, de oficio ou a pedimento de calquera membro da Comisión, poderá requirir a presenza de funcionarios do



*INORDE ou da Deputación, ou das empresas contratistas das diversas accións integrantes nos plans anuais,, para os efectos de que informen á Comisión no ámbito das súas funcións.*

*Os membros da Comisión o son por razón do cargo que desempeñan, polo que serán substituídos polas persoas ás que legalmente corresponda en cada caso.*

*3. A distribución do voto na Comisión realizarase polo sistema de voto ponderado, sendo a seguinte:*

*O INORDE disporá de 12 votos.*

*Os concellos disporán dun voto cada un.*

*4. As comisións de seguimento adoptarán os seus acordos por maioría simple, agás os previstos nas letras a), b) c) e) do apartado 1 desta cláusula que requirirán un quórum reforzado consistente en maioría de dous terzos e, ademais, e simultaneamente, maioría absoluta dos concellos*

*5. Os acordos da Comisión de Seguimento serán inmediatamente executivos, e contra eles poderán exercerse as accións administrativas e xudiciais establecidas no nos ordenamento. A execución dos acordos da Comisión corresponderá ao INORDE.*

*6. A Comisión poderá adoptar as súas propias normas de funcionamento, no non previsto neste convenio. Supletoriamente, serán de aplicación as normas comúns de funcionamento dos órganos colexiados establecidas na lexislación sobre réxime xurídico do sector público e sobre procedemento administrativo común.*

#### **Quinta.- Vixencia**

*O presente convenio estará vixente ata o 31 de decembro de 2025 que se prorrogará por outros catro anos, previa autorización da Comisión de Seguimento.*

#### **Sexta.- Modificación e extinción do convenio.-**

*1. A modificación do convenio requirirá acordo unánime das entidades adheridas, sen prexuízo das regras sobre extinción anticipada previstas nesta cláusula.*

*2. Serán causas de extinción do convenio as seguintes:*

*a) O mutuo acordo entre todas as entidades adheridas.*

*b) O incumprimento das súas obrigas e compromisos por calquera das partes adheridas, cos efectos previstos no artigo 51.2.c) da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público.*

*c) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*

*2. A extinción determinará a obriga de aprobar a correspondente liquidación pola Comisión de Seguimento, previa a proposta do INORDE, e conforme ao establecido no artigo 52 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público.*

#### **Sétima.- Aprobación do convenio**

*O convenio deberá ser aprobado polo Consello Reitor do INORDE e polo órgano competente de cada concello, o acordo que adopten deberá conter a aprobación do convenio e a asunción dos compromisos económicos derivados do mesmo.*

*Unha vez que os concellos adopten o acordo deberán remitir unha certificación do seu contido ó INORDE.*

#### **Oitava.- Réxime xurídico.-**

*O presente convenio terá natureza administrativa. A súa revisión en vía xudicial, así como a dos actos e acordos ditados na súa execución ou derivados deste, corresponderalles ós órganos da xurisdición contencioso administrativa.*

ANEXO I

ORZAMENTO ACCIÓNS 2021. XEODESTINO MANZANEDA-TREVINCA

<i>ACCIÓNS</i>	<i>ORZAMENTO</i>
<i>Información e medición: Creación de Whatssap de información turística Sistema de recollida de datos/Enquisa en destino.</i>	<i>5.500</i>
<i>Desarrollo de produto Creación de produto por parte de axencias locais Apoio na creación de produto por parte de comercializadores externos Bases de datos</i>	<i>6.000</i>
<i>Comunicación dixital Creación de contidos Campaña de promoción dixital</i>	<i>14.000</i>
<i>Comercialización turística Viaxe familiarización Natureza e Turismo Activo + Nicho Starlight Viaxe Familiarización Enogastronomía e Cultura + Nicho Industrial Workshops Rutas excursionismo. Proba piloto.</i>	<i>25.500</i>
<i>Promoción en mercados de proximidade Road caravan promocional cidades de proximidade Taller Gastronómico Participación en Feiras e eventos Deseño e impresión de material (folleto, merchandising promoción destino)</i>	<i>32.000</i>
<i>Servizo especializado de apoio á dirección do proxecto</i>	<i>10.800</i>
<b>TOTAL</b>	<b>93.800 €</b>

**FINANCIACIÓN:**


<i>1.- Axencia Turismo de Galicia</i>	<i>65.000 €</i>
<i>2.- Concellos</i>	<i>14.400 €</i>
<i>3.- INORDE</i>	<i>14.400 €</i>

**3º. Remitir este acordo aos concellos interesados, para a súa aprobación polo órgano competente de cada concello.**

**4­o. Ordenar a s­ua publicaci­on na sede electr­onica do INORDE para xeral co­nc­ecimento.**

E para que as­i conste e aos efectos oportunos, asino o presente a catorce de maio de dous mil vinte e un, co visto e praxe da Presidencia.

O secretario



O Presidente

